

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 27 DE XANEIRO DE 2026

PRESIDENTA:

D^a Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez
D. Raúl Varela Fraguio
D. Manuel Castro Uzal

NON ASISTE:

D^a Patricia Esther Espiñeira Galán

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas e dez minutos do día vinte e sete de xaneiro do ano dous mil vinte e seis, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Non asiste á sesión a concelleira D^a Patricia Esther Espiñeira Galán.

Actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.c) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 20 DE XANEIRO DE 2026 E Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 21 DE XANEIRO DE 2026

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 20 de xaneiro de 2026 e á sesión extraordinaria do día 21 de xaneiro de 2026, das que se entregaron copias coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométense a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, decláranse aprobadas as actas correspondentes á sesión ordinaria do día 20 de xaneiro de 2026 e á sesión extraordinaria do día 21 de xaneiro de 2026.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaría xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Servizo de Enerxía e Minas, Xefatura Territorial da Coruña, Consellería de Economía e Industria, acordo do 16 de xaneiro de 2026 polo que se somete a información pública a solicitude de outorgamento das autorizacións administrativas previa e de construción e de declaración de utilidade

pública, en concreto, dunha instalación de distribución de enerxía eléctrica no termo municipal de Cambre (expediente IN407A 2024/ 270-1). BOP número 15, de 23-01-2026.

- Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, Resolución do 13 de xaneiro de 2026, da Dirección Xeral de Urbanismo, pola que se aproba a rectificación dun erro material na novena actualización do Plan básico autonómico de Galicia. DOG número 17, de 27-01-2026.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 16 de xaneiro de 2026 ao 22 de xaneiro de 2026, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 21/2026 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 54/2026, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
21/2026	16-01-2026	Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o martes día 20 de xaneiro de 2026, ás 10.00 horas
22/2026	16-01-2026	Aprobar a autorización e disposición do gasto complementario en concepto de liquidacións de recargos por presentación fóra de prazo do modelo 111 de Retencións e ingresos a conta do Imposto sobre a renda das persoas físicas sobre rendementos do traballo e de actividades económicas, premios e determinadas ganancias patrimoniais e imputacións de rendas correspondente aos períodos xuño, xullo e agosto de 2025
23/2026	19-01-2026	Autorizar, dispoñer, recoñecer e liquidar obrigas en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios a don ARF, arquitecto municipal do Concello de Cedeira, en virtude do convenio interadministrativo de colaboración en materia de recursos humanos subscrito entre o Concello de Cambre e o Concello de Cedeira aprobado por Resolución da Alcaldía no 912/2025 de data 26 de setembro de 2025 polas horas traballadas no mes de decembro de 2025
24/2026	19-01-2026	Autorizar, dispor e recoñecer obrigas por importe de 466,31 euros na aplicación “920/22101 Auga dependencias municipais” polo IVE do autoconsumo de auga do primeiro ao cuarto trimestre de 2025, así coma o seu pagamento en formalización con desconto no concepto non orzamentario “91001 Facenda Pública IVE repercutido”.
25/2026	19-01-2026	Aprobar o padrón das taxas por prestación do servizo público de subministración de auga potable e rede de sumidoiros, así como da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo de depuración e do canon da auga da Xunta de Galicia, correspondente ao cuarto trimestre de 2025, no que constan 12.835 recibos por un importe de 671.001,10 euros. Expoñer ao público todos os datos incorporados ao padrón que se aproba, mediante edicto que se debe publicar no <i>Boletín Oficial da Provincia</i> e no taboleiro de anuncios da corporación e da sede electrónica do concello. Establecer o período de cobramento en período voluntario, que abranguerá dende o 23/02/2026 ao 23/04/2026 ambos os dous incluídos.
26/2026	19-01-2026	Conceder a LMME a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse

		dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora
27/2026	19-01-2026	Convocar sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do Concello de Cambre para o xoves 22 de xaneiro de 2026, ás 11:00 horas
28/2026	20-01-2026	Asignar ao técnico de administración xeral adscrito a Urbanismo, FMGN, as funcións do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, durante o período de baixa por incapacidade temporal do titular do posto.
29/2026	20-01-2026	Convocar sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local para o mércores día 21 de xaneiro de 2026, ás 14:30 horas
30/2026	20-01-2026	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a AAF, que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos.
31/2026	21-01-2026	Conceder a DLF a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora
32/2026	21-01-2026	Desestimar a solicitude de recusación formulada por VPT con base nas consideracións contidas no informe de secretaría transcrito na parte expositiva da resolución.
33/2026	22-01-2026	Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 1/2026 por un importe de 80.771,25 euros
34/2026	22-01-2026	Levantar o reparo formulado pola Intervención municipal no informe de fiscalización LMR - REPARO - SUBVENCIONS - PREMIOS ENTROIDO EN CAMBRE 2023- FASE O - 2023/A002/000001 - 2023/G003/000870 - 2023/G003/001071- 2024/G003/001246, de data 15/12/2024, isto con base no informe proposta emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas en data 14/11/2025. Recoñecer e liquidar obrigas por un importe total de 2100 euros en concepto de premios do concurso de disfraces, comparsas e carrozas do Entroido 2023 en Cambre, con cargo á aplicación orzamentaria 2024 338 48100, así como o seu aboamento mediante transferencia bancaria. Recoñecer e liquidar obrigas por un importe total de 3600,00 euros en concepto de gratificacións ás comparsas e carrozas participantes, segundo as bases para este concurso, por importe individual de 100,00 € a cada unha das 3 comparsas e de 300,00 € a cada unha das 11 carrozas con dereito á mesma, con cargo á aplicación orzamentaria 338 48100. Requirir a LMI para que solvete a súa débeda co Concello de Cambre.
35/2026	22-01-2026	Nomear como persoal eventual a APG, para o desempeño do posto de traballo de asesor de Alcaldía (85%) cos dereitos e deberes inherentes a este cargo, de conformidade cos artigos 104 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local e 201 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.
36/2026	22-01-2026	Aprobar as condicións para o desenvolvemento da actividade "XVII Xuntanza do Maior". A contratación das prestacións que requira a actividade citada débense realizar de acordo co disposto na Lei 7/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.
37/2026	22-01-2026	Ordenar á Comunidade de Propietarios do edificio sito na praza Enrique Piñeiro (Estrada Cambre-Temple, 2), Cambre que procedan de xeito inmediato ao valado perimetral da zona de maneira que se asegure tanto a protección das persoas como dos bens e á retirada controlada das

		pranchas de cristal da varanda de vidro existente no citado edificio, por canto que se constatou o risco inminente de caída dos citados elementos cara a vía pública, con perigo para as persoas e os bens. Incoar expediente de orde de execución como consecuencia dos feitos denunciados. Conceder audiencia aos interesados polo prazo de quince días. Advertir aos interesados de que en caso de incumprimento desta orde de execución, a administración municipal procederá á súa execución subsidiaria ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 1.000 a 10.000 euros reiterables ata lograr a execución do ordenado
38/2026	22-01-2026	Autorizar, dispor e recoñecer obrigas, así coma o seu pagamento, por importe de 4.556,35 euros na aplicación "920/22501 Tributos Xunta de Galicia Administración xeral" polo canon da auga ano 2025 das dependencias municipais.
39/2026	22-01-2026	Conceder a Telefónica de España, SAU, a licenza municipal solicitada para a instalación dun poste de fibra e unha riostra no lugar das Gamelas, parroquia de Anceis, co fin de posibilitar o desenvolvemento da rede pública de comunicacións electrónicas, segundo a memoria técnica que se achega, supeditada ao cumprimento das condicións establecidas na autorización da Axencia Estatal de Seguridade Aérea do 7 de maio de 2025, e na declaración responsable presentada en Augas de Galicia o 12 de maio de 2025, así como a que o novo poste recúe 4,50 metros do eixe do viario público.
40/2026	22-01-2026	Conceder a MRP a licenza municipal solicitada para a construción dunha rampla de acceso á finca sita no lugar de San Paio, parroquia de Brexo, segundo a documentación que se achega, condicionada a que antes do inicio das obras se obteña a conformidade da Sección de Obras e Servizos municipal respecto das obras de urbanización.
41/2026	22-01-2026	Conceder a DAT a licenza municipal solicitada para a substitución da posición da rampla de acceso e colocación dun portal de entrada na parcela sita no lugar do Vilar, parroquia de Sigrás, segundo a documentación que se achega, condicionada a que antes do inicio das obras se obteña a conformidade da Sección de Obras e Servizos municipal respecto das obras de urbanización.
42/2026	22-01-2026	Impoñer a FMRP unha multa coercitiva por importe de 1000,00 €, ao terse constatado o incumprimento resolución da alcaldía do día 30 de maio de 2025 que lle ordenou que procedera á poda e desbroce da vexetación existente na finca sita no lugar Castrobó, Anceis, que está a invadir a vía pública, debendo ademais rebaixar a altura do cerramento vexetal ata 1,80 metros, altura máxima permitida polas Normas subsidiarias de planeamento municipais, advertíndolle de que se lle poderán impoñer novas multas coercitivas polo dito importe, reiterables trimestralmente, ata acadar o cumprimento total da citada orde. Requirir ao interesado, para que proceda ao pago da citada cantidade.
43/2026	22-01-2026	Denegar a ADCM, a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal solicitada o 19 de decembro de 2025, xa que segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora, supera o número máximo de vales que se poderán entregar ao ano por unidade familiar (6).
44/2026	22-01-2026	Denegar a MELC, a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal solicitada o 12 de decembro de 2025, xa que segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora, supera o

		número máximo de vales que se poderán entregar ao ano por unidade familiar (6).
45/2026	22-01-2026	Denegar a ESNF a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal solicitada o 16 de decembro de 2025, xa que segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora, supera o número máximo de vales que se poderán entregar ao ano por unidade familiar (6).
46/2026	22-01-2026	Denegar a MAFG a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal solicitada o 22/10/2025, xa que segundo o disposto no artigo 23.7 da ordenanza reguladora, incumpre os compromisos asumidos no proxecto de intervención social.
47/2026	22-01-2026	Desestimar o recurso de reposición interposto por RAC, contra a resolución da alcaldía de data 6 de xuño de 2025, pola cal se lle impuxo unha multa coercitiva polo importe de 1000 €, confirmando a resolución recorrida. Iniciar os trámites para a execución subsidiaria da resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras do día 13 de xaneiro de 2023, pola que se ordenou a poda das polas que sobresaen ao camiño público nº 136 desde a parcela sita na Rocha, Anceis, ao non terse cumprido pola interesada dentro do prazo concedido
48/2026	22-01-2026	Aprobar, con efectos do 22 de decembro de 2025, a relación de solicitudes admitidas dos participantes no programa de actividades "Xogando no Nadal 2025" (1ª quenda: do 22 ao 26 de decembro de 2025, ambos incluídos, agás o 25 de decembro que é festivo).
49/2026	22-01-2026	Conceder a LELH a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora.
50/2026	22-01-2026	Resolución de inicio de procedementos sancionadores de tráfico, por importe total de 1600 euros.
51/2026	22-01-2026	Aprobar o padrón do prezo público por actividades deportivas do Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2025 correspondente ao mes de abril 2025 que comprende 265 recibos, dos cales 143 son cotas cero, por un importe total de 1.297,88 €. Expoñer ao público os datos incorporados ao padrón que se aproba, mediante edicto que se debe publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación. Establecer o período de cobramento en período voluntario, que abranguerá dende o 27/02/2026 ao 27/04/2026, ambos os dous incluídos.
52/2026	22-01-2026	Considerar desistido a RHRB da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora, solicitada con data 23/2/2024, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento.
53/2026	22-01-2026	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a MPM, que pola súa discapacidade se lle reconece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos.
54/2026	22-01-2026	Denegar a DMC a prestación do servizo de axuda no fogar por libre concorrencia solicitado con data 20/06/2023, por resultar incompatible coa prestación económica por coidados no contorno familiar que ten concedida dentro do programa individual de atención do SAAD (Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia).

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulou ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e trece minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo